



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE. AUGAS DE GALICIA. SERVIZO TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Rubén Chamorro Sánchez solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: **DH.W27.66548**.

As obras solicitadas consisten na execución do peche parcial perimetral do predio con referencia catastral 27030A009020260000WE; na zona de policía do río Valiñadares; no lugar de Xiros, nº 28; na parroquia de Santiago de Mondoñedo; no concello de Mondoñedo (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Mondoñedo ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 17 de decembro de 2019.- A xefa do servizo territorial, Rocío Carreira Carral.

R. 3824

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

BEGASA solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: **DH.W27.66554**.

As obras solicitadas consisten na execución do proxecto de instalación de dúas liñas subterráneas dun total de 101 metros e un centro de seccionamento. O CT situarase nas coordenadas UTM (ETRS89 H29): (X: 609.639; Y: 4.828.294); na zona de policía do rego de Bravos, a uns 49 metros da súa canle; no lugar de Garita, na parroquia de Bravos, no concello de Ourense (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Ourense ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 17 de decembro de 2019.- A xefa do servizo territorial, Rocío Carreira Carral.

R. 3825

XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA. DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

Resolución do 5 de decembro de 2019 da Xefatura Territorial de Lugo pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación eléctrica no concello de Rábade. (expediente IN407A 2019-51AT)

Visto o expediente para outorgamento da autorización administrativa previa e de construción para a instalación eléctrica que a continuación se describe:

- Solicitante: Barras Eléctricas Galaico-Asturianas S.A.
- Domicilio Social: Polígono empresarial As Gándaras- parcela U2-rúa Aller Ulloa, Ramón María, n.º 9, 27003 Lugo.
- Denominación: "CENTRO DE SECCIONAMENTO DE COMPAÑÍA, PARA CENTRO DE TRANSFORMACIÓN PARTICULAR SUMINISTRO ELÉCTRICO A LAS PARCELAS 18C Y 24C EN EL POLÍGONO INDUSTRIAL DE RÁBADE"
- Situación: concello de Rábade
- Características técnicas:

Liña soterrada de Media Tensión con orixe no apoio 121-2A59908 da liña aérea Sigalsa, entra e sae no Centro de Seccionamento en edificio prefabricado situado na parcela 24-C do Polígono Industrial de Rábade (Expte: 49-2019-AT) e remata no CT existente Sigalsa 3 (12738), cunha lonxitude de 160 metros de condutor proxectado e 60 metros de condutor recuperado en obra tipo RHZ1-240mm.

Liña soterrada de Baixa Tensión para servizos auxiliares do CS con orixe na LBT existente do CT Sigalsa 3 (12738) e final no CS , cunha lonxitude de 7 metros en condutor tipo RV-50

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 24/2013, do 26 de decembro, (BOE núm. 310) do sector eléctrico e no título VII, capítulo II do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, no Real Decreto 337/2014, de 9 de maio, polo que se aproba o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias e na Resolución de 19 de febreiro de 2014, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se aproba o procedemento de autorización administrativa de construción (D.O.G. núm. 54 de 19 de marzo), así como na Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, esta xefatura territorial, de acordo cas competencias que resultan dos Decretos 135/2017 do 28 de decembro, polo que se crea e establece a estrutura orgánica da consellería, y tendo en conta o Decreto 9/2017, de 12 de xaneiro, sobre órganos competentes para autorización de instalacións eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, **resolve**:

Conceder a autorización administrativa previa e de construción a ditas instalacións, cuxas características se axustarán en tódalas súas partes ás que figuran no seu proxecto e as condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente, independentemente das autorizacións, licencias ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

O prazo de posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía, Emprego e Industria no prazo dun mes, a partir do día seguinte o da notificación ou publicación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que estime pertinente o seu dereito.

Lugo, 5 de decembro de 2019.- A Xefa Territorial, Pilar Fernández López.

R. 3826

Anuncio

Resolución do 3 de decembro de 2019 da Xefatura Territorial de Lugo pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación eléctrica no concello de Abadín. (expediente IN407A 2019-32AT)

Visto o expediente para outorgamento da autorización administrativa previa e de construción para a instalación eléctrica que a continuación se describe:

- Solicitante: Barras Eléctricas Galaico-Asturianas S.A.
- Domicilio Social: Polígono empresarial As Gándaras- parcela U2-rúa Aller Ulloa, Ramón María, n.º 9, 27003 Lugo.
- Denominación: "REFORMA DEL CT 2910 XESTA Y MODIFICACIÓN DE LA RBT EXISTENTE"
- Situación: concello de Abadín
- Características técnicas:

Substitución no CT Xesta 2910 existente do transformador de 160kVA por un de 250kVA.

Liña soterrada de baixa tensión do CT Xesta 2910, con orixe no cadro de baixa tensión do CT Xesta e final nun paso aéreo a soterrado ubicado no apoio 11/1600, cunha lonxitude de 40 metros en condutor tipo RV-150 e 20 metros en condutor tipo RV-2 40.

Liña aérea de baixa tensión con orixe no paso aéreo a soterrado ubicado no apoio 11/1600 e final nas RBT´s existentes, cunha lonxitude de 575 mts en condutor tipo RZ., 180 metros en condutor RZ-150, 330 metros en condutor RZ-95, 55 metros en condutor RZ-50 e 10 metros en condutor RZ-25.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 24/2013, do 26 de decembro, (BOE núm. 310) do sector eléctrico e no título VII, capítulo II do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía **eléctrica**, no Real Decreto 337/2014, de 9 de maio, polo que se aproba o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias e na Resolución de 19 de febreiro de 2014, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se aproba o procedemento de autorización administrativa de construción (D.O.G. núm. 54 de 19 de marzo), así como na Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, esta xefatura territorial, de acordo cas competencias que resultan dos Decretos 135/2017 do 28 de decembro, polo que se crea e establece a estrutura orgánica da consellería, y tendo en conta o Decreto 9/2017, de 12 de xaneiro, sobre órganos competentes para autorización de instalacións eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, **resolve**:

Conceder a autorización administrativa previa e de construción a ditas instalacións, cuxas características se axustarán en tódalas súas partes ás que figuran no seu proxecto e as condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente, independentemente das autorizacións, licencias ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

O prazo de posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía, Emprego e Industria no prazo dun mes, a partir do día seguinte o da notificación ou publicación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que estime pertinente o seu dereito.

Lugo, 3 de novembro de 2019.- A Xefa Territorial, Pilar Fernández López.

R. 3827

CONCELLOS BARREIROS

Anuncio

Por Resolución da alcaldía de data 10 de decembro de 2019, aprobouse o Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, lixo e Canon de auga da Xunta, correspondente ao 5º bimestre do exercicio 2019, así como a apertura dun período de información pública por prazo de un mes a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido na Secretaría do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario dende o día 17 de decembro de 2019 ata o 17 de xaneiro de 2020.

Contra o acto de aprobación do padrón e da liquidación de tributos municipais incorporada a este, poderase formular recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interpoñerse ambos simultaneamente. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a exixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Barreiros, 11 de decembro do 2019.- A alcaldesa, Ana Belén Ermida Igrexas.

R. 3828

FOZ

*Anuncio***APROBACIÓN INICIAL REGULAMENTO DO PROGRAMA “XANTAR NA CASA” DO CONCELLO DE FOZ**

En sesión ordinaria celebrada polo Concello Pleno o día 12 de decembro de 2019 acordouse a aprobación inicial do REGULAMENTO DO PROGRAMA “XANTAR NA CASA” DO CONCELLO DE FOZ.

O procedemento sométese ao trámite de información pública por un prazo de trinta días hábiles dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas.

De conformidade co artigo 49.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, se non se presentan reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de novo acordo plenario, e procederase á súa publicación, xunto co texto íntegro do Regulamento no **BOP**, non entrando en vigor ata que esta teña lugar.-

Foz, 16 de decembro de 2019.- O Alcalde, Francisco Cajoto Caserío.

R. 3829

LUGO

*Anuncio***DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS**

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día 4 de decembro de 2019, adoptou entre outros o acordo 15/781 delegar as competencias, na Concelleira Delegada de Benestar Social, Inclusión e persoas maiores, para a resolución de todos os actos de trámite e resolutivos en relación coa contratación do alugueiro e montaxe de toldo para a conmemoración do día internacional de persoas con discapacidade. Expdte ref: 2019-083

Por todo o cal e con base no sinalado no artigo 9 da Lei 40/15 do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público expónse ó público no Boletín Oficial da Provincia para xeral coñecemento.

Lugo, 17 de decembro de 2019.- A CONCELLEIRA DELEGADA DA ÁREA DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS, Mercedes Paula Alvarellos Fondo.

R. 3830

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

O Pleno do Concello de Monforte de Lemos, en sesión ordinaria do día 28.10.2019, aprobou provisionalmente o expediente de modificación de ordenanzas fiscais e prezos públicos para o exercicio 2020.

Posto que non se presentaron alegacións no prazo de exposición pública, de conformidade co que dispoñen os artigos 17.3 e 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, quedan elevados a definitivos o acordos de modificación, e procédese a súa publicación:

ORDENANZA XERAL DOS INGRESOS MUNICIPAIS DE DEREITO PÚBLICO**1) Modificación artigo 13 “Calendario Fiscal”**

Quedando redactado do seguinte xeito:

ARTIGO -13- CALENDARIO FISCAL

1. Con carácter xeral establécese que os períodos para pagar os tributos de carácter periódico serán os seguintes:

TRIBUTO	PERÍODO	DATAS DE PAGO	
		DENDE	ATA
a. Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica	Anual	15/04/2020	15/06/2020
b. Imposto de Bens Inmóbles	Anual	05/08/2020	06/10/2020
c. Imposto sobre Actividades Económicas	Anual	17/08/2020	19/10/2020
d. Taxa pola recollida de lixo	6º bimestre 2019	26/02/2020	27/04/2020
	1º bimestre 2020	27/04/2020	29/06/2020

	2º bimestre 2020	26/06/2020	26/08/2020	
	3º bimestre 2020	26/08/2020	26/10/2020	
	4º bimestre 2020	26/10/2020	28/12/2020	
	5º bimestre 2020	28/12/2020	01/03/2021	
	6º bimestre 2020	26/02/2021	26/04/2021	
e.	Taxa pola prestación do servizo nas escolas deportivas municipais	2ª fracción curso 2019/2020	05/03/2020	06/05/2020
		1ª fracción curso 2020/2021	23/10/2020	24/12/2020
f.	Taxa de auga rede e sumidoiros	6º bimestre 2019	02/01/2020	02/03/2020
		1º bimestre 2020	28/02/2020	28/04/2020
		2º bimestre 2020	28/04/2020	29/06/2020
		3º bimestre 2020	30/06/2020	31/08/2020
		4º bimestre 2020	01/09/2020	02/11/2020
		5º bimestre 2020	02/11/2020	04/01/2021
		6º bimestre 2020	31/12/2020	01/03/2021
g.	Resto de taxas		21/09/2020	23/11/2020

2.- As variacións nos períodos de pago sinalados no punto anterior serán aprobados pola Xunta de Goberno Local.

3.- O Calendario fiscal publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

4.- Cando se modifique o período de cobro dun tributo de vencemento periódico, non será preciso notificar individualmente dita circunstancia.

2) Modificación penúltimo parágrafo do artigo 14 “Domiciliacións”.

Quedando, dito parágrafo, do artigo 14 “ Domiciliacións “redactado do seguinte xeito:

A domiciliación do Imposto sobre Bens Inmóveis de Natureza Urbana, nos recibos de importe superior aos 100€, implicará o seu fraccionamento en dous períodos, de xeito que o primeiro cargo realizarase o día 5 de agosto de 2020 polo importe do 60% do recibo e o segundo cargo o día 4 de decembro polo importe do restante 40% do recibo.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVICIOS NO CEMITERIO MUNICIPAL CONDUCCIÓN DE CADÁVERES E OUTROS SERVICIOS FÚNEBRES

1) Modificación artigo 6. Letra C – Cota Tributaria- “atencións no cemiterio”

Quedando, a devandita tarifa, redactada do seguinte xeito:

ARTIGO 6º.- COTA TRIBUTARIA

C. ATENCIÓNS NO CEMITERIO

Por cada sepultura, cabida, oco ou altura, pagarán ó ano 5€

Modificación artigo 6. Letra F – Cota Tributaria- “atencións no cemiterio”

Quedando, a devandita tarifa, redactada do seguinte xeito:

F. TRANSMISIÓNS

1 Entre vivos

Pagarán as mesmas cotas que nas concesións a que se refire o parágrafo correspondente desta tarifa, excepto cando a transmisión sexa entre parentes ós que se refire o número seguinte. Nese caso aplicaranse os dereitos nel regulados.

En todo caso, requírese que a transmisión sexa autorizada pola Corporación no cambio de titular e rexistrada nos libros correspondentes.

2 Por causa de morte

Seguindo as normas do Código Civil para os graos de parentesco por consanguinidade, afinidade ou adopción na liña recta ou colateral, pagará sobre a cota por concesións do apartado A) e sobre licencias de obra e instalacións do apartado D) desta tarifa

2.1.- Con parentesco de 1º grao 5 por 100

2.2.- Con parentesco de 2º grao 15 por 100

2.3.- Con parentesco de 3º grao 30 por 100

2.4.- Con parentesco de 4º grao 45 por 100

As transmisións entre cónxuxes non pagarán dereito ningún

ORDENANZA FISCAL 2.3 REGULADORA DO TAXA POR RECOLLIDA, TRATAMENTO E ELIMINACIÓN DE LIXO

1) Modificación número 2 do artigo 2º “Feito Impoñible”

Quedando redactada, o número 2 do artigo 2º, do seguinte xeito:

2. A tal efecto considérase lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos os restos e desperdicios de alimentación, o detritus procedentes da limpeza normal de locais vivendas, e exclúe de tal concepto os residuos de tipo industrial, escombros de obras, detritus humanos, materiais contaminados, corrosivos, perigosos ou que a súa recollida ou vertido esixa a adopción de medidas especiais hixiénicas, profilácticas ou de seguridade.

Cando un ben inmovible se destine conxuntamente a vivenda e ao exercicio dunha actividade económica, a taxa xerarse e existe a obriga de contribuír conforme aos dous feitos impoñibles de forma separada aínda cando se refiran ao mesmo obrigado tributario, ao gravarse a prestación dun servizo que se orixina por dous supostos diferenciados: o uso do inmovible como vivenda habitual e o desempeño dunha actividade económica, agás, que se trate dunha actividade profesional que non se exerza nun local diferenciado. Neste caso tributarase pola cota de actividade profesional.

Aos efectos de disposto nesta ordenanza, considerase local diferenciado aquela estancia, construción, instalación, recinto ou espazo con acceso ou accesos directos do público e/ou do persoal empregado dende a vía pública.

2) Modificación artigo 6º “Cota Tributaria”

Quedando redactado do seguinte xeito:

A cota tributaria verá determinada en función da natureza, destino, e superficie do local de acordo co seguinte cadro de tarifas:

DESCRICIÓN	Importe € / bimestre
Vivendas	
Zona Urbana	12,87 €
Zona Rural	6,45 €
Actividades	
Locais sen actividade	12,87 €
Servizos de restaurantes, cafeterías e bares e establecementos similares	
No seu caso, equivalencia no IAE Grupos 671, 672, 673, 674,675, 676, 677	
Ata 20 m ²	30,03 €
De 21 m ² a 100 m ²	45,06 €
De 101 m ² a 200 m ²	60,08 €
De 201 m ² a 400 m ²	90,11 €
De 401 m ² a 1000 m ²	135,16 €
Máis de 1000 m ² (por cada 1000 m ² ou fracción de exceso)	75,08 €
Salas de festa, salas de xogo e establecementos similares	
No seu caso, equivalencia no IAE Grupos 965, 969	
Ata 100 m ²	46,34 €
De 101 m ² a 200 m ²	69,52 €
De 201 m ² a 400 m ²	115,86 €
De 401 m ² a 1000 m ²	162,21 €
Máis de 1000 m ² (por cada 1000 m ² ou fracción de exceso)	92,69 €
Establecementos alimentación, supermercados, hipermercados e similares	

No seu caso, equivalencia no IAE Grupos 641, 642, 643, 644, 645, 647, 661, 662

Ata 20 m ²	36,04 €
De 21 m ² a 100 m ²	54,06 €
De 101 m ² a 200 m ²	72,09 €
De 201 m ² a 400 m ²	108,13 €
De 401 m ² a 1000 m ²	162,20 €
Máis de 1000 m ² (por cada 1000 m ² ou fracción de exceso)	90,11 €

Hoteles, Moteis, Hostais, Fondas, Residencias, Pensión, Casas de Hóspedes, Aloxamentos Turísticos, Hospitais e establecementos similares

No seu caso, equivalencia no IAE Agrupación 68, Grupos 935, 941, 951

Con servizo de restaurante, bar ou cafetería

Ata 100 m ²	19,83 €
De 101 m ² a 200 m ²	29,74 €
De 201 m ² a 400 m ²	49,56 €
De 401 m ² a 1000 m ²	69,38 €
Máis de 1000 m ² (por cada 1000 m ² ou fracción de exceso)	39,64 €

Sen servizo de restaurante, bar ou cafetería

Ata 100 m ²	18,02 €
De 101 m ² a 200 m ²	27,03 €
De 201 m ² a 400 m ²	45,06 €
De 401 m ² a 1000 m ²	63,07 €
Máis de 1000 m ² (por cada 1000 m ² ou fracción de exceso)	36,04 €

Comercio ao maior de comidas ou bebidas, almacéns de materiais de construción, transportes, industrias, fábricas, talleres e establecementos similares

No seu caso, equivalencia no IAE - Divisións, 1, 2, 3, 4, 5 - Grupos 611, 612, Epígrafe 6174 - Grupos 691, 692, 699

Grupos 711, 712, 721, 722, 729, 751, 754, 756, 757 - Epígrafe 8436

Ata 20 m ²	24,03 €
De 21 m ² a 100 m ²	36,04 €
De 101 m ² a 200 m ²	48,05 €
De 201 m ² a 400 m ²	72,09 €
De 401 m ² a 1000 m ²	108,13 €
Máis de 1000 m ² (por cada 1000 m ² ou fracción de exceso)	60,08 €

Resto de establecementos comerciais e de servizos, oficinas, edificios públicos, de ensino, asociacións, entidades bancarias e financeiras e establecementos similares

No seu caso, equivalencia no IAE - Grupos 613, 614, 615,616, - Epígrafes 6171,6172,6173,6175,6176,6177,6178,6179

Grupos 618, 619, 621,622, 623,631, 646, 651, 652, 653, 654, 655, 656, 657,659, 663, 664, 665 - Grupo 755 - Agrupación 76

División 8 agás 8436 - Grupos 911, 912, 913, 921, 922, 931, 932, 933, 936, 942,943, 944, 945, 952, 961,962,963, 964, 966, 967, 968, 971, 972,973,974,975,979, 981,982, 983, 989,991,999

Ata 20 m ²	17,15 €
De 21 m ² a 100 m ²	25,72 €
De 101 m ² a 200 m ²	34,30 €
De 201 m ² a 400 m ²	51,45 €
De 401 m ² a 1000 m ²	77,17 €
Máis de 1000 m ² (por cada 1000 m ² ou fracción de exceso)	42,87 €

Outras actividades non tarifadas expresamente

Ata 20 m ²	17,15 €
De 21 m ² a 100 m ²	25,72 €
De 101 m ² a 200 m ²	34,30 €
De 201 m ² a 400 m ²	51,45 €
De 401 m ² a 1000 m ²	77,17 €
Máis de 1000 m ² (por cada 1000 m ² ou fracción de exceso)	42,87 €

Profesionais e artistas
Sección 2^a e 3^a

Profesionais e artistas	15,43 €
-------------------------	---------

A superficie dos locais de negocio, comprenderá a totalidade da superficie dos locais afectos á actividade: superficie total no censo de obrigados tributarios si se trata de suxeitos pasivos exentos do Imposto sobre Actividades Económicas ou na Matricula do Imposto sobre Actividades Económicas respecto dos non exentos.

Noutro caso será a superficie obtida da licenza de apertura ou a superficie construída obtida do padrón do Imposto sobre Bens Inmóveis de Natureza Urbana.

Nos locais nos que se desenrolen varias actividades, as superficies afectadas ás distintas actividades sumaranse e consideraranse afectadas á actividade principal do local, que a efectos desta taxa se considera actividade principal aquela que teña mais superficie

Nos locais nos que se desenrolen varias actividades, as superficies afectadas ás distintas actividades sumaranse e consideraranse afectadas á actividade principal do local, que a efectos desta taxa se considera actividade principal aquela que teña mais superficie

ORDENANZA FISCAL 2.9 REGULADORA DO TAXA DE REDE DE SUMIDOIROS E DEPURACIÓN

1) Modificación artigo 5 “Tarifas”.

Quedando redactado do seguinte xeito:

ARTIGO 5.- TARIFAS

TARIFA 1.- Depuración e sumidoiro

Para aqueles abonados ó servizo de Abastecemento de auga, a tarifa a aplicar e a seguinte:

DOMÉSTICOS E COMERCIAL: Consumo Bloque Único	0,1409 €/m ³
INDUSTRIAL / OBRAS: Consumo Bloque Único	0,2114 €/m ³

A efectos da tarifa, consideraranse abonados domésticos, comerciais ou industriais, os así definidos na Ordenanza reguladora da Taxa de Auga e no Regulamento do Servizo Municipal de abastecemento de auga e saneamento.

No caso de que a través de un único contador se subministre auga a varias vivendas ou locais multiplicarase a cota polo número de vivendas ou locais abastecidos.

TARIFA 2.- Depuración e sumidoiro

Para aqueles abonados o servizo de saneamento, que non sexan abonados o servizo de abastecemento de auga e que vertan a rede pública de saneamento, sen contador de medida, a tarifa aplicar será:

ABONADOS DOMÉSTICOS E COMERCIAIS
ABONADOS INDUSTRIAIS

3,06 € / bimestre
6,34 € / bimestre

Consideraranse abonados domésticos e non domésticos, os que vertan augas residuais a rede pública de saneamento, segundo a clasificación do Servizo Municipal de Abastecemento e Saneamento

Ás tarifas sinaladas engadiráselle o IVE o tipo que corresponda.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO ABASTECIMENTO DE AUGA

**1) Modificación artigo 5 “Tarifas”. Incremento IPC (0,3%)
Quedando redactado do seguinte xeito:**

ARTIGO -3- COTA TRIBUTARIA

A contía do prezo público regulado nesta Ordenanza está fixado na tarifa seguinte:

A. Usos domésticos

A.1.- Consumos entre 0 e 10 m ³ ó bimestre, mínimo tarifado	o m ³ a 0,1761 €
A.2.- Consumos entre 11 e 25 m ³ ó bimestre	o m ³ a 0,2818 €
A.3.- Consumos entre 26 e 50 m ³ ó bimestre	o m ³ a 0,4932 €
A.4.- Consumos de máis de 50 m ³ ó bimestre	o m ³ a 0,7046 €

B. Usos industriais

B.1.- Consumos entre 0 e 10 m ³ ó bimestre, mínimo tarifado	o m ³ a 0,1409€
B.2.-Consumos entre 11 e 80 m ³ ó bimestre	o m ³ a 0,3170 €
B.3.- Consumo entre 81 e 150 m ³ ó bimestre	o m ³ a 0,7750 €
B.4.- Consumos entre 151 e 300 m ³ ó bimestre	o m ³ a 1,0569 €
B.5.- Consumos de máis de 300 m ³ ó bimestre	o m ³ a 1,6558 €

C. Usos especiais

Os consumos que efectúen os Centros de Ensinanza Oficial, Centros de Ensinanza Privada Concertados, Hospital Comarcal e industriais establecidas no Polígono do Reboredo, pagarán os metros cúbicos que consuman bimestralmente ó prezo de 0,3524 € / m³

D. Cota Xeral

Todos os aboados pagarán, con independencia do consumo, a cantidade de: 1,74 € / bimestre

Os aboados que figuren no apartado H), tarifa especial, non aboarán cota xeral.

E. Aboados sen contador ou con contador avariado

Para os aboados de usos domésticos, ó bimestre:	105,69 €
Para os aboados de usos industriais e especiais pagarán ó bimestre:	528,43 €

F. Por entronques e acometidas á rede municipal

Por cada vivenda:	21,13 €
Por cada local de negocio:	28,18 €

G. Altas no servizo

Por cada alta que se formalice, pagarase a cantidade de: 7,04 €

Por depósito, para responder de impagados, soamente para aboados que non sexan propietarios da vivenda ou local de negocio: 42,28 €

H. Tarifa especial

Contribuíntes beneficiarios da Renda de Inserción Social de Galicia (RISGA). Para gozar desta exención o interesado deberá solicitala previamente, acreditar o cumprimento das condicións que motivan o seu outorgamento e a solicitude deberá ser informada polos Servizos Sociais do Concello.

A exención quedará sen efecto cando desaparezan as circunstancias persoais que a motivaron. Pagarán, nos usos domésticos, nos consumos entre 0 e 10 m³, ó bimestre, mínimo tarifado, o m³ a 0,0423 €. Considérase consumo mínimo a cota xeral para todos os aboados e consumo entre 0 e 10 metros cúbicos.

As facturacións bimestrais nos usos domésticos, industriais e tarifa especial efectuaranse aplicando ó consumo de cada tramo o importe do metro cúbico consignado para o mesmo.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DE EDIFICIOS MUNICIPAIS

1) Modificación artigo 1º “Natureza e feito impoñible

Quedando redactado do seguinte xeito:

ARTIGO 1º.- NATUREZA E FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito impoñible desta Taxa o aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local consistente na utilización dos edificios municipais.

Non estará suxeita a taxa cando a utilización se corresponda con actividades organizadas ou promovidas polo Concello de Monforte de Lemos.

Non estará suxeita á taxa cando a utilización non leve aparellada unha utilidade económica para a persoa autorizada ou, aínda existindo dita utilidade, a utilización ou aproveitamento supoña condicións ou contraprestacións para o beneficiario que anulen ou fagan irrelevante aquela.

Considerase que a actividade non leva aparellada unha utilidade económica cando:

- Sexa realizada por entidades sen fins lucrativas para actividades relacionadas e vinculadas co seu obxecto social.
- Cando sexa realizada por persoas físicas, por actividades que non estean vinculadas á ningunha actividade económica, sempre que se trate de actividades de carácter social, cultural, benéfico ou formativo. No caso de persoas físicas que consten dados de alta no imposto sobre actividades económicas, sempre que se trate de actividades non vinculadas ás actividades polas que estean de alta no devandito imposto, ou no obxecto da súa actividade.

Para que a Xunta de Goberno local poida apreciar as devanditas circunstancias, as persoas ou entidades interesadas na obtención destes beneficios deberán instar ao Concello acreditándoas suficientemente cunha **antelación mínima de 10 días á celebración do acto**.

2) Modificación número 1 artigo 4º “Xestión”

Quedando, o número 1 do artigo 4, redactado do seguinte xeito:

ARTIGO. 4º XESTION

1. Toda solicitude de licenza para que poida ser admitida a trámite deberá acompañarse do xustificante de ter aboado o depósito previo e informe favorable sobre dispoñibilidade do local no día solicitado. Agás no caso de que sexa incluída na solicitude a acreditación de calquera dos supostos de non existencia de utilidade económica previstos no artigo 1 do feito impoñible. De non considerarse acreditado con posterioridade, as devanditas circunstancias, emitírase a correspondente liquidación.

A cantidade ingresada como depósito se aplicará á resultante da liquidación definitiva unha vez que recaia resolución sobre a concesión da licenza e si esta fora denegada o interesado poderá instar a devolución dos dereitos depositados. Tamén procederá a devolución da Taxa cando por causas non imputables ao suxeito pasivo, non se efectúe o uso previsto

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACION DA PISCINA MUNICIPAL E DEMÁIS INSTALACIÓNS ANEXAS

1) Modificación artigo 5 “Bases, cotas e tarifas”.

Quedando redactado do seguinte xeito:

ARTIGO -5- BASES, COTAS E TARIFAS

A cota que corresponda abonar pola prestación de cada un dos servizos aos que se refire esta ordenanza determinarase segundo cantidade fixa ou en función dous elementos ou factores que se indican nas normas de aplicación e non cadro de tarifas que se recollen a continuación:

A) MODALIDADE ABONOS

TIPO DE ABONO	€ / Mes	€ / Trimestre	€ / Semestre	€ / Ano
INDIVIDUAL	27,19	76,05	136,03	216,06
UNIDADE FAMILIAR 2 MEMBROS	31,99	87,93	159,95	247,93
UNIDADE FAMILIAR 3 MEMBROS	34,82	99,91	183,97	279,55
UNIDADE FAMILIAR 4 MEMBROS	39,92	111,95	207,94	311,84
UNIDADE FAMILIAR MÁIS DE 4 MEMBROS	43,54	123,94	232,01	342,75
3ª IDADE INDIVIDUAL	15,97	43,91	76,05	118,51
3ª IDADE UNIDADE FAMILIAR 2 MEMBROS	24,02	64,01	111,90	183,97
XOVE	22,74	59,98	103,89	175,86

Unidade familiar: Unidade familiar: TITULAR – CONXUGUE + FILLOS MENORES IDADE

Para a aplicación do criterios aplicables á unidade familiar será necesario a presentación do libro de familia ou ben certificado de parella de feito emitido polo rexistro competente.

3ª Idade: Ter máis de 65 anos

Xove: Ter entre 18 e 25 anos inclusive

Para poder acceder a calquera das modalidades de abono detalladas, será necesario satisfacer previamente unha **MATRICULA** de importe **19,42 €**.

B) MODALIDADE CURSOS

TIPO DE CURSO	TARIFA MENSUAL		TARIFA TRIMESTRAL	
	ABONADO	EVENTUAL	ABONADO	EVENTUAL
NATACIÓN				
BEBÉS			35,96 €	71,92 €
INFANTIL			27,89 €	55,80 €
NENOS			26,25 €	52,49 €
INICIACIÓN A PARTIR 16 ANOS			35,96 €	71,92 €
PERFECCIONAMENTO A PARTIR 16 ANOS			35,96 €	71,92 €
NATACIÓN TERAPÉUTICA			35,96 €	71,92 €
NATACIÓN ESCOLAR / ALUMNO			19,31 €	19,31 €
OTROS CURSOS				
AQUAGIM A A PARTIR 16 ANOS	12,75 €	25,53 €		
ACTIVIDADES DIRIGIDAS EN SECO	12,75 €	25,53 €		

Unidade familiar: TITULAR- CONXUGUE+FILLOS MENORES IDADE

Bebes: entre 6 meses e 2 anos **Infantil:** entre 3 e 5 ano **Nenos:** entre 6 e 15 anos

Para acceder a tarifa “abonado” será necesario estar inscrito en calquera das modalidades do apartado “A “ anterior. As tarifas establecidas neste apartado refírense a cursos de 2 días semanais de duración.

No caso de impartirse cursos superiores a 2 días á semana a tarifa a aplicar será o resultado de multiplicar a tarifa diario por os días de duración do curso

c) RESTO ACTIVIDADES

CONCEPTO	TARIFA (€)
ENTRADA ADULTO- A partir 18 anos	3,72
ENTRADA NENO-INFANTIL	2,17
BONO 10 BAÑOS	29,08
BONO 20 BAÑOS	52,42

Os bonos de 10 baños terán unha validez de 30 días dende a súa expedición. Os bonos de 20 baños terán unha validez de 45 días dende a súa expedición.

CONCEPTO	ABOADO (€)	EVENTUAL (€)
ALUGUER PISTA TENIS	1,53 €	3,09 €
CLUBES NATACION FEDERADOS		6,27 €

Para acceder a tarifa “abonado” será necesario estar inscrito en calquera das modalidades do apartado “A” anterior.

As anteriores modificacións das respectivas ordenanzas fiscais entrarán en vigor o primeiro de xaneiro de 2020, e permanecerán en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Contra este acordo, de aprobación definitiva das modificacións das ordenanzas fiscais para o exercicio 2020 poderase interpoñer recurso contencioso- administrativo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Monforte de Lemos, 18 de decembro de 2019.- O alcalde, José Tomé Roca

R. 3831

Anuncio

APROBACION PADRONS AXUDA AO FOGAR BASICA E LEI DEPENDENCIA NOVEMBRO 2019 E ANUNCIO DE COBRANZA

Por Xunta de Goberno Local do día 16.12.2019 aprobáronse os padróns de prezos públicos Axuda ao Fogar Básica e Lei dependencia mes de novembro de 2019.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, notificanse colectivamente os recibos derivados destes padróns.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario, dos devanditos padróns dende o 18.12.2019 ata o 20.02.2020.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 16 de decembro de 2019, O alcalde, José Tomé Roca.

R. 3832

Anuncio

APROBACION PADRONS TAXA POLO ABASTACEMENTO DE AUGA, TAXA REDE DE SUMIDOIROS e canon auga novembro-dicembro 2019 E ANUNCIO DE COBRANZA

Por Xunta de Goberno Local do día 16.12.2019 aprobáronse os padróns da Taxa polo abastecemento de auga, a Taxa de rede sumidoiros e Canon de auga do sexto bimestre 2019 (NOVEMBRO- DECEMBRO).

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Lei xeral tributaria, notificanse colectivamente os recibos derivados destes padróns.

De conformidade coa Ordenanza xeral de ingresos municipais de dereito público, expórase ao público nun prazo de 20 días, a contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns da Taxa polo

abastecemento de auga e Taxa pola Rede sumidoiros e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública do padrón.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

De acordo co artigo 49.7 do Decreto 136/2012 de 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertedura a sistemas públicos de depuración de augas residuais a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende se entenda producida a notificación.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario, dende o día 02.01.2020 ata o 02.03.2020.

De acordo co artigo 24 do Real decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, ponse en coñecemento, que no período de pago en voluntario sinalado no parágrafo anterior, os contribuíntes que non teñan domiciliados os recibos poderán facer o pago dos mesmos mediante:

- 1) Ingreso en efectivo en calquera oficina de A Banca en horario de atención ao público.
- 2) A través de caixeiros automáticos da devandita entidade financeira.
- 3) A través da páxina web www.aqualia.es.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse os correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

A falta de pagamento en período voluntario do canon suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Monforte de Lemos, 16 de decembro de 2019.- O alcalde, Jose Tomé Roca.

R. 3833

O VALADOURO

Anuncio

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS NO CEMITERIO MUNICIPAL DE O VALADOURO

ARTIGO 1: FUNDAMENTO E NATUREZA

No uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polos artigos 4 e 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, este Concello establece a taxa pola prestación de servizos no cemiterio municipal, que se rexirá polo disposto na devandita Le e pola presente Ordenanza Fiscal.

ARTIGO 2: FEITO IMPONIBLE.

Constitúe o feito imponible da taxa a prestación dos servizos do cemiterio municipal, tales como: concesión de espazos para enterramento, ocupación dos mesmos, exhumación, colocación e movemento de lápidas, e limpeza e ordenación dos espazos comúns, que de conformidade co previsto na normativa de policía sanitaria mortuoria, sexan procedentes.

Aos efectos desta Ordenanza, declararase de recepción obligatoria o servizo de limpeza e conservación de espazos comúns

ARTIGO 3: SUXEITO PASIVO.

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades que establece o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria que sexan solicitantes ou que resulten beneficiarios da concesión, da autorización ou da prestación dos servizos e, sé é o caso os titulares da autorización concedida.

Os obrigados tributarios non residentes en España deberán nomear a un representante con domicilio en territorio español e deberá comunicalo ao Concello.

ARTIGO 4: RESPONSABLES

Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas determinadas como tales na Lei Xeral Tributaria. A derivación de responsabilidade farase, previa audiencia ao interesado, ditando o correspondente acto administrativo nos termos establecidos no texto legal citado neste artigo.

ARTIGO 5- EXENCIONS SUBXECTIVAS

Estarán exentos os servizos que se presten con ocasión de:

- a) Os enterramentos das persoas con poucos recursos económicos, previo informe dos servizos sociais do Concello
- b) As inhumacións que ordene a autoridade xudicial para efectuarse nun enterramento común.

ARTIGO 6- COTA TRIBUTARIA

A cota tributaria determinarase pola aplicación da seguinte tarifa:

A) CONCESIÓNS

CONCESIÓNS	ANOS	PREZO (INDIVIDUAL)
NICHOS	75	632,00€
	5	42,15€
COLUMBARIOS	75	370,70€

B) OTROS SERVICIOS

ACTUACIÓNS	PREZO
B.1 INHUMACIÓN (inclúe licencia de enterramento e inscrición no rexistro municipal)	60,00€
B.2 EXHUMACIÓN	120,00€
B.3 LIMPEZA ZONAS COMÚNS (taxa anual)	10,00€/ unidade

ARTIGO 7- NORMAS DE XESTIÓN

A Regra xeral será a concesión por 75 anos, aínda que pódense otorgar concesións por 5 anos naqueles casos no que concorran circunstancias especiais tales como:

- Inexistencia de nichos baleiros.
- Persoas que teñan o seu lugar de inhumación fora desta localidade e seus familiares ou afíns teñan pensado facer traslado de restos.
- Persoas sin recursos en situación de paso polo concello.

Nestes casos a inhumación practicarase nos nichos dos que dispoña o Concello, que reservará a titularidade de dúas filas

Transcorridos cinco anos sen que se leve a cabo ningunha actuación sobre os restos cadavéricos disporase a súa exhumación e depósito no lugar do cemiterio habilitado, previa autorización da autoridade sanitaria.

Por norma xeral a concesión farase pola fila completa (tres espazos). As primeiras concesións realizaranse por sorteo entre os interesados que o soliciten, e en fases posteriores procederase a adxudicación segundo o número de orde da solicitude e de xeito correlativo, aínda que poderase optar á concesión de espazos individuais. Neste caso o Concello informará aos solicitantes dos que se atopan disponibles e a súa adxudicación levarase a cabo segundo a orde de solicitude, e de xeito correlativo.

O Concello reservase a potestade de variar as filas de nichos fixados para a concesión de espazos individuais, no caso que as demandas de filas de tres así o esixan

No caso dos columbarios o prezo establecido será por unidade e as solicitudes faranse de xeito unitario.

ARTIGO 8- DEVENGO

Devengarase a taxa e nace a obriga de contribuir dacordo co establecido a continuación:

- Nos supostos de inhumación e licencias de enterramento, con carácter previo a que a mesma se realice.
- Tratándose de servizos e limpeza e conservación, unha vez notificadas as cotas tributarias o publicado acordo aprobatorio do Padrón, conforme establece o Regulamento Xeral de Recadación.

-Nos casos das concesións, unha vez notificada a liquidación individual, nos prazos e formas previstos no Regulamento Xeral de Recadación.

Para o cobro da taxa polos servizos de limpeza e conservación, elaborárase anualmente un padrón, comprensivo dos datos identificativos dos suxeitos pasivos, número de unidades obxecto de gravame e cota total anual resultante.

No caso de obtención da concesión nunha data posterior ao 1 de xaneiro de cada ano, a devandita cota, será prorrateada por trimestres naturais.

A falta de pagamento da cota anual polo concepto de limpeza e conservación, o Concello tramitará o correspondente expediente para determina-la caducidade das correspondentes concesións e reverte-las mesmas ao Concello.

O devandito expediente, salvo precepto legal que estableza outro procedemento será o seguinte: Notificación individual aos interesados concedendo un prazo de quince días para o pagamento dos importes correspondentes, así como as recargas, gastos e xuros que procedan; de non ser posible a notificación individual, substituirase a mesma pola notificación mediante anuncio no Boletín Oficial correspondente.

ARTIGO 9- INFRACCIÓN E SANCIÓN

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias, así como das sancións que as mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto no título IV da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

As disposicións desta Ordenanza que, reproduzan aspectos da lexislación vixente e normas legais de aplicación e aqueles que fagan remisión a preceptos legais, entenderanse automaticamente modificados e/ou substituídos no momento no que se produza a modificación dos mesmos.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente Ordenanza Fiscal foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada na data 11 de decembro de 2019 entrando en vigor pasados 30 días dende a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

O Valadouro, 17 de decembro de 2019. O Alcalde, Edmundo Maseda Maseda.

R. 3834

O VICEDO

Anuncio

EXPOSICIÓN Ó PÚBLICO

Por resolución da Alcaldía de 13 de decembro de 2019, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de novembro de 2019 do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde – Presidente, no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, dous meses a contar dende o día da súa publicación no Boletín. Para o cobramento dos mesmos, ós contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas.

Para os demais contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectuar o pagamento en calquera oficina das entidades bancarias radicadas no termo municipal do Vicedo.

Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, iniciárase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento xeral de recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, xeral tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

O Vicedo, 13 de decembro do 2019.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 3835

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA
CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

A/27/30432

La Consellería de Infraestructuras e Mobilidade de La Xunta de Galicia, con C.I.F. Q 1511001H, solicita autorización para efectuar obras dentro de la Zona de Policía de Cauces y sobre el Dominio Público Hidráulico.

Las obras consistirán en la ejecución de las actuaciones contempladas en el proyecto de construcción "Acondicionamento de beirarrúas na LU-113, núcleo urbano Castro Ribeiras de Lea" y estarán situadas en en la zona de policía y sobre el Dominio Público Hidráulico de los ríos Lea y Rozas, en el término municipal de Castro de Rei (Lugo).

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de UN (1) MES, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131-2ª planta, LUGO), donde estará de manifiesto el expediente.

Lugo, 17 de diciembre de 2019.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 3836

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

A/27/30865

Barras Eléctricas Galaico-Asturianas, S.A. (BEGASA), con C.I.F. A 33001983, solicita autorización para la tala de árboles que afectan al dominio público hidráulico, cuyos datos son los siguientes:

CORRIENTES: Varias

MARGEN / RIBERA: ambas

Nº Y ESPECIE DE LOS ÁRBOLES A TALAR: la limpieza de las líneas eléctricas "C.Conde-Sector 6", "Lamas Prado-Gapsa 1", "Lamas Prado-Meilán 2", "Meira-Bretoña", "Setepontes-Tronceda"

TÉRMINOS MUNICIPALES: Lugo, A Pastoriza y Castro de Rei

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de UN (1) MES, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131-2ª planta, LUGO), donde estará de manifiesto el expediente.

Lugo, 17 de diciembre de 2019.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 3837
